



**IES RAMÓN CABANILLAS**  
r/Rosalía de Castro, 16 - 36630 CAMBADOS  
Tlf. 886 151 913 - Fax. 886 151 915  
ies.ramon.cabanillas@edu.xunta.gal



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



UNIÓN EUROPEA

# MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR CURSO 2021/2022

**CENTRO: IES RAMÓN CABANILLAS**  
Data da aprobación en claustro:  
4.04.2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



## ÍNDICE

<b>1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado</b>	<b>3</b>
<b>2. Criterios do outorgamento de matrículas de honra (ESO/BAC)</b>	<b>6</b>
<b>3. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22</b>	<b>7</b>
<b>4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular</b>	<b>12</b>



## 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

### 1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes

A atención do alumnado con materias pendentes corresponderá á Xefatura de Departamento, que deberá ter toda a información que precise dos/as alumnos/as en concreto, dos exames, traballos...

Nas primeiras semanas do curso manterase unha reunión con ese alumnado ao que se lle presentará un programa de reforzo para ESO e un programa individualizado para Bacharelato con actividades a realizar. Estas actividades teranse en conta cara á proba de febreiro (*liberatoria*) e, se é o caso, á proba de maio.

Marcarase unha titoría no recreo, coa periodicidade que se considere necesaria, para atención de dúbidas e seguimento da evolución do plano de traballo. Estes recreos de titoría irán a custa das horas de Xefatura de Departamento.

### 1.2. Criterios para o alumnado de PMAR

#### **Este curso 2021-22 non temos PMAR**

O equipo docente poderá propór que, para o curso 2022-23, se incorporen ao primeiro curso dun programa de mellora de aprendizaxe e do rendemento as alumnas/os que finalicen o primeiro curso de ESO no curso 2021-22 e que, repetindo algunha vez con anterioridade, non estean en condicións de acadar a promoción a segundo, se se estima que esta medida pode resultar conveniente para o seu progreso educativo. No curso 2023-24 este alumnado poderá incorporarse de xeito automático ao primeiro curso dun programa de diversificación curricular.



### 1.3. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

#### ESO:

- Todo aprobado.
- 1 ou 2 suspensas (tamén computan as de cursos anteriores)
- Máis de 2 materias suspensas si se cumpren todas as condicións seguintes:
  - Media igual ou superior a 5
  - Non superadas permite seguir con éxito o curso seguinte
  - Expectativas favorables de recuperación
  - Consideración de que a promoción beneficia a evolución académica. Se non hai unanimidade, decidirse con votación por maioría simple entre os docentes presentes que lle imparten clase)
- Repetición medida excepcional. 1 soa vez no mesmo curso e 2 no ensino obrigatorio. Excepcionalmente, 1 repetición a maiores en 4º ESO. Realización dun Plan Específico Personalizado para o alumnado repetidor

#### BACHARELATO

- Todo aprobado.
- 1 ou 2 suspensas
- Máis de 2 suspensas repiten 1º na súa totalidade
- A repetición de 2º poderá ser do curso completo ou das materias non aprobadas



#### 1.4. Criterios de Titulación

##### ESO

- Titula o alumnado con todo aprobado
- Con materias suspensas si se cumpren **todas** as condicións seguintes:
  - Media igual ou superior a 5
  - Adquisición das competencias establecidas
  - Obxectivos da etapa alcanzados
- Pode titular o alumnado con AC
- A superación da totalidade dos módulos dun ciclo de FP Básica conducirá a obtención do título de Graduado en ESO

##### BACHARELATO

- Titula o alumnado con todo aprobado.
- Con 1 materia suspensas si se cumpren **todas** as condicións seguintes:
  - Alcanza competencias e os obxectivos
  - Non inasistencia continuada e non xustificada, non podendo superar o 10% do horario lectivo desa materia sen xustificación.
  - Presentarse as probas e realizar as actividades necesarias para a súa avaliación, que serán as que figuren nas programacións didácticas, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
  - Media da etapa igual ou superior a 5
- Título de Bacharel desde CM ou CS superando determinadas materias comúns e específicas segundo a modalidade



## 2. Criterios do outorgamento de matrículas de honra (ESO/BAC)

### ESO

Poderá obter esta mención o alumnado que, logo da avaliación final, obtivese unha nota media do curso igual ou superior a 9 puntos en 4º ESO. En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

- Maior nota media en 4º ESO.
- Maior nota media na etapa.
- Maior número de cualificación 10 en 4º ESO.
- Maior número de cualificación 9 en 4º ESO.
- Se persistise o empate, decidírase con votación por maioría simple entre os docentes presentes que lle imparten clase)

Esta mención será consignada nos documentos de avaliación da alumna/o.

En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reuniráse en sesión extraordinaria para revisar a relación.

### BACHARELATO

Poderá concederse como máximo a un número de alumnas/os igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado en 2º de Bacharelato.

Poderá obter esta mención o alumnado que, logo da avaliación final ordinaria, obtivese unha nota media do curso igual ou superior a 9 puntos en 2º Bacharelato. En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

- Maior nota media en 2º de Bacharelato.
- Maior nota media na etapa.
- Maior número de cualificación 10 en 2º de Bacharelato.
- Maior número de cualificación 9 en 2º de Bacharelato.
- Se persistise o empate decidírase con votación por maioría simple entre os docentes que lle imparten clase)

Esta mención será consignada nos documentos de avaliación da alumna/o.

En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reuniráse en sesión extraordinaria para revisar a relación.



### 3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

#### 3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

##### ESO

O alumnado que promocióne con materias suspensas deberá seguir un Plan de Reforzo de materias pendentes en cada unha delas, destinado á súa recuperación, segundo o establecido na Orde de 8 de setembro de 2021, artigo 51.

Este plan (achégase modelo do centro, anexo II) será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna/o teña pendente (a partir do informe elaborado polo docente do curso no que non se superou, no que deben recollese os obxectivos e competencias nos que non ten o nivel de desempeño necesario; ou polas xefaturas de departamento no caso de non ter esa materia), baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias, adaptándose ás particularidades de cada alumno/a destinatario. O departamento velará pola realización do plan por parte do alumnado.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento deste plan, facendo os axustes que procedan, ata a avaliación final do curso no que estea escolarizado o alumno/a, na que o profesor da materia pendente decidirá se obtén avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

##### BACHARELATO

O alumnado que promocióne con materias suspensas deberá seguir un Plan de actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente en cada unha delas, destinado á súa recuperación (achégase modelo do centro, anexo III).

O centro educativo organizará as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, que serán anteriores ás das materias de 2º curso.

Haberá unha proba final antes da ordinaria. O alumnado que non a supere, terá dereito a



unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar.

### **3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.**

Haberá tres avaliacións parciais con boletín de notas informativo, máis unha avaliación final ao remate das clases, tamén con boletín de notas finais e na que se decidirá a cualificación definitiva das materias, así como a promoción e/ou titulación, por parte do equipo docente. Desaparece a avaliación extraordinaria, que viña sendo habitual celebrar no mes de setembro.

No período que vai da terceira avaliación (7 e 8 de xuño) ata o último día lectivo (22 de xuño), as clases continúan para todo o alumnado para desenvolver actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Incluso para recuperación de pendentes.

Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, cada docente realizará un breve Informe de Avaliación Individualizado (modelo proposto polo centro, anexo I), a modo de documento interno de centro, no que se recollerá a situación do alumno/a e que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel aplicando os correspondentes criterios de avaliación.

O alumnado que teña as materias aprobadas logo de realizada a terceira avaliación parcial, poderá ser avaliado de novo para mellorar a súa cualificación naquelas unidades didácticas nas que non obtivera a máxima nota. Estas actividades serán avaliadas cos instrumentos de avaliación correspondentes que figuren na programación didáctica. Este alumnado poderá así mellorar a súa cualificación neste período, pero nunca empeoralala. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso, conforme aos criterios de avaliación e cualificación recollidos na programación didáctica de cada materia (que deben ser obxectivos e cuantificables).

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positiva





### **3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación de probas extraordinarias e as actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.**

Haberá tres avaliacións parciais con boletín de notas informativo e dúas avaliacións finais nas que se decidirá a cualificación definitiva das materias, así como a promoción por parte do equipo docente: a avaliación ordinaria (8 de xuño), que poderá coincidircoa terceira parcial, e a avaliación extraordinaria (23 de xuño), a realizar tras o remate das clases.

No período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño de 2022, as clases continuarán para todo o alumnado, dedicándose á preparación e realización das probas extraordinarias, ea actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titorización.

O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de recuperación nos días 20, 21 de xuño.

O alumnado que teña as materias aprobadas, logo de realizada a avaliación ordinaria, realizará actividades de reforzo e ampliación, pero xa non poderá ver modificada a súa nota de ningunha maneira, ao ser definitiva.

Logo das probas extraordinarias do 20, 21 de xuño haberá unha sesión de avaliación.

Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco.

Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase non presentado/a (NP).



### **3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación de probas extraordinarias e de avaliación de acceso á universidade, para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.**

Haberá tres avaliacións parciais con boletín de notas informativo e dúas avaliacións finais nas que se decidirá a cualificación definitiva das materias, así como a titulación por parte do equipo docente: a avaliación ordinaria (12 de maio), que poderá coincidir coa terceira parcial, e a avaliación extraordinaria (23 de xuño), a realizar tras o remate das clases.

No período comprendido entre o 18 de maio e o 22 de xuño de 2022, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización das probas ABAU e das probas extraordinarias. Incluso para a recuperación de materias pendentes.

O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final ordinaria, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de recuperación nos días 20, 21 de xuño, e dedicará este período á realización de actividades que permitan reforzar aqueles obxectivos, competencias e contidos nos que poida mellorar o seu nivel de desempeño, empregando para a súa avaliación os instrumentos que correspondan, recollidos na programación didáctica de cada materia.

O alumnado que teña as materias aprobadas, logo de realizada a avaliación ordinaria, realizará actividades de reforzo e ampliación daqueles obxectivos, competencias e contidos nos que poida mellorar o seu nivel de desempeño, e en xeral para a súa preparación das probas ABAU, pero xa non poderá ver modificada a súa nota de ningunha maneira, ao ser definitiva.

Logo das probas extraordinarias do 20, 21 de xuño haberá unha sesión de avaliación.

Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase non presentado/a (NP).



### **3.5. Especificar o protocolo para a elaboración do *Informe de avaliación individualizado* que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.**

Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o/a docente de ditas materias realizará un breve *Informe de Avaliación Individualizado* (modelo proposto polo centro, Anexo I), a modo de documento interno de centro (non para entregar).

Neste informe recollerase a situación do alumno/a, servindo de base para o deseño das actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel aplicando os correspondentes criterios de avaliación.

O Informe, tomando como base o currículo da materia, debe recoller os obxectivos e competencias nos que o alumnado non acadou o nivel, os criterios de avaliación e as actividades de recuperación necesarias para logralo. O centro elaborou un modelo de Informe que recolle os seguintes apartados:

1. Identificación do alumno/a.
2. Obxectivos e competencias nas que o alumnado non acadou o nivel.
3. Currículo a recuperar, con especificación dos seus criterios de avaliación.
4. Estratexias metodolóxicas e recursos que se empregarán.
5. Actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel
6. Seguimento e avaliación, que se fará efectiva na avaliación final de curso.

### **3.6. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)**

Para a modificación das programacións didácticas, a realizar e facer pública antes do 25 de abril de 2022, cada departamento fará unha Addenda tomando como base este documento.



## 4. Aprobación e publicidade

### 4.1. Aprobación

Esta modificación da concreción curricular do centro no relativo aos criterios xerais para a avaliación, promoción, titulación e outorgamento de matrículas de honra para o curso 2021/22, aprobouse en claustro extraordinario celebrado o luns 4 de abril de 2022.

### 4.2. Publicidade

Esta modificación da concreción curricular así como a das programacións didácticas dos diferentes departamentos do centro, será feita pública:

O xoves 28 de abril de 2022, na páxina web do centro.

O xoves 28 de abril de 2022, para familias/alumnado por parte do equipodirectivo do centro a través de Abalar móbil.

Cambados, a 6 de abril de 2022

Documento aprobado en claustro extraordinario do 4 de abril de 2022.



Lorena Amarelle Taibo

Directora do IES Ramón Cabanillas